



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA 27.03.2019 RELATIVA AO CONTRATO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CERDEDO

Con data do 27.03.2019, cando son as 13:15 horas, reúnen na sala de concelleiros da Casa Consistorial do Concello de Cerdedo-Cotobade, os membros da mesa de contratación correspondente ao contrato de obra “**MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CERDEDO**” coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presente como Presidente, D. Jorge Cubela López, Presidente do Concello de Cerdedo-Cotobade, e como vogais: D^a Jeanett López Fernández, Secretaria accidental do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Sonia David Cortegoso, Interventora do Concello de Cerdedo-Cotobade, D^a Ana Dolores Jorge Simal, funcionaria do Concello, D. Andrés Rodríguez Castro, en substitución de D^a María Regina Sobral Fraguas, vogal do Concello do PsdG-PSOE, D. José Luís Barros Sousa, Técnico municipal e D. Francisco Javier Dapena Galindo que actúa na súa calidade de Secretario da Mesa de Contratación.

Requerida xustificación das ofertas que incorrían en presunción de temeridade na data do 08.03.2019, á empresa Construcciones E.C.Casas, e visto que dita empresa non presentou ningunha xustificación da súa oferta en relación co prazo de execución da obra.

Solicitouse ao técnico municipal que informara, o que fai no seu informe de data 26.03.2019 co seguinte contido literal:

“EXPEDIENTE 250/2019.

Con data do 07.03.2019, procedeuse a materialización da correspondente mesa de contratación coa apertura das ofertas económicas, con posterioridade a realización da mesa de apertura da documentación administrativa, todo ilo referente a seguinte obra:

“ MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CERDEDO ”

Distribución en lotes

Non se considerou polo órgano de contratación a divisen de lotes.

Procedementos de adxudicación:

*De conformidade co disposto no artigo 159.1.b) LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento **aberto simplificado** e levará a cabo atendendo a unha pluralidade de criterios de adxudicación mediante a súa división en lotes.*

| EMPRESA | PREZO | GARANTIA | PRAZO |
|---------------------------------|--------------|----------|-------|
| COVSA | 106.479,83 € | 3 | 5,00 |
| CONSTRUCCIONES PEREZ | 104.321,05 € | 3 | 3,00 |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | 109.181,23 € | 2 | 3,00 |
| E.C.CASAS SL | 94.311,05 € | 3 | 0,50 |
| MARCONSA | 96.819,87 € | 3 | 1,00 |
| COVIASSTEC SL | 104.780,07 € | 3 | 2,00 |
| CALDEVERGAZO SL | 105.028,00 € | 3 | 2,00 |
| NAROM SL | 90.536,20 € | 3 | 2,50 |
| NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL | 90.813,59 € | 3 | 2,00 |



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



Como se observa no cadro anterior presentáronse 9 empresas:

Construccion Perez; Obras e saneamentos Galicia SL; Covsa; E.C Casas SL; Marconsa; Coviastec sl; Caldevergazo sl; Narom SL; Nexia.

Orzamento de licitación **120.602,37€**, segundo o proxecto.

| Obra | ANUALIDADE | BASE IMPONIBLE | IVE | TOTAL |
|--|------------|----------------|------------|-------------|
| Mellora de camiños municipais en Cerdedo | 2019 | 99.671,38€ | 20.930,99€ | 120.602,37€ |
| TOTAL | | 99.671,38€ | 20.930,99€ | 120.602,37 |

Código/s CPV: 44113320-4

Prazo de execución: 6 meses.

Criterios:

-Prezo

-Ampliación do prazo de garantía

-Redacción do prazo de execución.

P3600048G

INFORMO:

Que como resultado da correspondente mesa de contratación, conclúese o seguinte:

Non se advirten ofertas temerarias no referente a oferta económica.

En relación ao segundo criterio de adxudicación e dicir, o prazo, pódese advertir unha oferta temerario ou desproporcionada, no caso concreto a presentada por E.C. CASAS SL., a cal oferta ½ mes.

Verificándose a temeridade ao aplicar as formulas do prego.

Que o Órgano de Contratación requiriulle a E.C CASAS SL, a presentación da xustificación da temeridade, feito que non se produciu.

A vista do antedito deberase excluír do calculo da puntuación a E.C CASAS.

O que informo aos efectos oportunos.”

Visto os antecedentes anteriores a mesa de contratación decide por unanimidade dos seus membros excluír a oferta da empresa Construcciones E.C.Casas por non presentar a xustificación da súa oferta.

A mesa procede a valoración das ofertas co seguinte resultado:



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



| EMPRESA | PREZO | PUNTOS | GARANTIA | PUNTOS | PRAZO | PUNTOS | TOTAL |
|---------------------------------|--------------|--------|----------|--------|-------|--------|-------|
| COVSA | 106.479,83 € | 8,50 | 3 | 2,00 | 5,00 | 0,20 | 10,70 |
| CONSTRUCCIONES PEREZ | 104.321,05 € | 8,68 | 3 | 2,00 | 3,00 | 0,33 | 11,01 |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL | 109.181,23 € | 8,29 | 2 | 1,33 | 3,00 | 0,33 | 9,96 |
| MARCONSA | 96.819,87 € | 9,35 | 3 | 2,00 | 1,00 | 1,00 | 12,35 |
| COVIASSTEC SL | 104.780,07 € | 8,64 | 3 | 2,00 | 2,00 | 0,50 | 11,14 |
| CALDEVERGAZO SL | 105.028,00 € | 8,62 | 3 | 2,00 | 2,00 | 0,50 | 11,12 |
| NAROM SL | 90.536,20 € | 10,00 | 3 | 2,00 | 2,50 | 0,40 | 12,40 |
| NEXIA INFRAESTRUCTURAS SL | 90.813,59 € | 9,97 | 3 | 2,00 | 2,00 | 0,50 | 12,47 |

Consta inscrición Nexia Infraestructuras S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (2804).

Examinada a documentación obrante no expediente, de acordo coa mesma e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público, na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares a Mesa de Contratación,

RESOLVE:

1.Declarar válido o acto de licitación.

2.Emitir proposta de adjudicación da obra “Mellora de Camiños Municipais en Cerdedo” en favor da empresa Nexia Infraestructuras S.L., ao constituír a ofertas máis ventaxosa non incurso en presunción de temeridade de acordo cos antecedentes anteriores.

3.Notificar electrónicamente a Nexia Infraestructuras S.L., e requirirle, como oferta economicamente mais ventaxosa non incurso en temeridade para que, dentro do prazo de **SETE DÍAS HÁBILES** seguintes á recepción da presente comunicación, aporten:

Constitución da garantía definitiva por importe de: 3.752, 63€

4.Advírteselle que, de no cumprimentar adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que retiraron a súa oferta, procedéndose a esixirle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

5.Notificar a presente Resolución ao interesado.”

Sen outro asunto que tratar a Mesa levanta a súa sesión ás 13:30 horas.

Cerdedo-Cotobade

O secretario da Mesa
Francisco Javier Dapena Galindo
(documento asinado dixitalmente á marxe)